

Parlamento de Galicia. 10 de marzo de 2010.

Emilio Pérez Touriño, trasladou á presidenta do Parlamento de Galicia a súa renuncia ao escano como deputado no Parlamento de Galicia. Polo que xa non asistirá ao próximo pleno extraordinario do Debate do Estado da Autonomía.

Emilio Pérez Touriño finaliza así a súa dilatada traxectoria como deputado da Cámara Autonómica, iniciada no ano 1977, na que ao longo da quinta, sexta e sétima lexislatura foi portavoz e logo presidente do Grupo dos Socialistas de Galicia.

Quere deixar constancia da súa gratitude e recoñecemento aos miles de galegos e galegas que lle outorgaron a súa confianza na representación parlamentaria e ao mesmo tempo amosar o seu agradecemento aos compañeiros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, aos presidentes José María García Leira, Dolores Villarino e Pilar Rojo, aos demais deputados da Cámara e aos traballadores da mesma.